



CONCELLO DE POIO

Praza do Mosteiro núm. 1.
36995. Poio (Pontevedra).

Ref. M/C

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, NÚMERO CATROCENTOS NOVENTA REALIZADA POLO PLENO DESTA CORPORACIÓN O DÍA TRINTA DE XULLO DE DOUS MIL TRECE.

Na Casa Consistorial de Poio, ás dezanove horas e corenta minutos do trinta de xullo de dous mil trece, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. Luciano Sobral Fernández e coas asistencias dos Srs/as. Xulio Barreiro Lubián, Xose L. Martínez Blanco, Lidia Salgueiro Piñeiro, Silvia Díaz Iglesias, Margarita Caldas Moreira, Jose A. Lodeiro Cancela, Angel Moldes Martínez, M^a Celeste Nieto García, Juan José Rodríguez Grandal, Alberto Villaverde Méndez, Manuel Domínguez Álvarez, Javier Domínguez Lino, M^a Consuelo Besada Lores. Escusan a non asistencia a Interventora Municipal D^a. Olga Fernández Rodríguez así como os Concelleiros D. Gregorio L. Agís Gómez e D^a. M^a del Mar Villaverde Rosales. Asiste como secretaria xeral do Concello, Paula E. Ramos Díaz. Reuníronse no Salón de Sesións en primeira convocatoria para realizar a sesión ordinaria correspondente ao día de hoxe e para a que foron previamente citados en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión, para tratar os asuntos que figuran na Orde do Día.

Antes de comezar a sesión, gárdase un minuto de silencio polas vítimas do accidente ferroviario acontecido en Santiago de Compostela o pasado 24 de xullo de 2013.

3838.- APROBACIÓN ACTAS ANTERIORES DE 25/06/2013 E 23/07/2013.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos membros da Corporación das actas anteriores do 25/06/2013 e do 23/07/2013, e non solicitándose rectificación ou observación ningunha contra as mesmas, estas quedan aprobadas por unanimidade de asistentes.

Neste momento entra no Salón de Concelleiros a Concelleira D^a. Alicia Martínez González.

3839.- ESTADO DE EXECUCIÓN DOS ASUNTOS PRECEDENTES.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do estado de execución dos asuntos precedentes e que son os que segue: "3819.- INTERVENCIÓN, RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS NÚMERO 3/2013.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento

de Intervención para proceder ao seu pagamento; 3820.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 4/2013: CRÉDITO EXTRAORDINARIA FINANCIADO CON BAIAS NOUTRAS APLICACIÓNES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitíronse e publicáronse anuncios de aprobación provisional e definitiva, respectivamente, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3821.- INTERVENCIÓN, MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA 5/2013: SUPLEMENTO DE CRÉDITO FINANCIADO CON BAIAS NOUTRAS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, remitíronse e publicáronse anuncios de aprobación provisional e definitiva, respectivamente, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra; 3822.- INTERVENCIÓN, SOLICITUDE BONIFICACIÓN ICIO EXP. 14 A/10.- Uniuse certificación do acordo ao expediente, deuse traslado aos Departamentos de Urbanismo e Intervención e notificouse ao interesado; 3823.- MOCIÓN CONXUNTA DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG E PSOE REXEITANDO O REPAGAMENTO DOS COMEDORES ESCOLARES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia e ás ANPAS do Concello de Poio; 3824.- ESCRITO DA FANPA E MOCIÓN CONXUNTA DO BNG-PSOE SOBRE A RETIRADA DO ANTEPROXECTO DE LEI ORGÁNICA DE MELLORA DA CALIDADE EDUCATIVA (LOMCE).- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia do Parlamento Galego, FEGAMP, FEMP, Presidencia do Senado e do Congreso, Consellería de Educación e Ordenación Universitaria así como ás ANPAS do Concello de Poio; 3825.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG-PSOE PARA A REPROBACIÓN PÚBLICA DOS E DAS DEPUTADOS/AS QUE APROBARON A QUITACIÓN DAS PARTICIPACIÓNES PREFERENTES.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia do Congreso dos Deputados así como aos seus Grupos Parlamentarios; 3826.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE SOBRE AS CONSECUCIÓNS DA REFORMA LOCAL DO GOBERNO NAS POLÍTICAS DE IGUALDADE.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse aos Grupos Parlamentarios do Parlamento Galego, Presidencia do Goberno de España, Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados, FEGAMP e FEMP; 3827.- MOCIÓN CONXUNTA DOS GRUPOS MUNICIPAIS DO BNG E DO PSOE SOBRE A REFORMA DA LEI DO ABORTO.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á presidencia da Xunta de Galicia; 3828.- MOCIÓN SOBRE O MANTEMENTO DOS XULGADOS DE PAZ E DA GRATUIDADE DOS REXISTROS CIVÍS.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Presidencia da Xunta de Galicia e de España; 3832.- INTERVENCIÓN, PROPOSTA APROBACIÓN ADENDA NÚM. 1 AO CONVENIO SUBSCRITO POLOS CONCELLOS DE PONTEVEDRA, SANXENXO, POIO, MARÍN E VILABOIA E A "SOCIEDAD ESTATAL AGUAS DE LAS CUENCAS DE ESPAÑA, SA" PARA O PROXECTO "NOVO ABASTECIMENTO DE AUGA A PONTEVEDRA E Á SÚA RÍA".- Uniuse certificación do acordo ao expediente comunicouse ao Departamento de Intervención e á Oficina Técnica do Concello e notificouse á ACUAES, SA; 3833.- PATRIMONIO, EXPEDIENTE DE DETERMINACIÓN DE CARÁCTER PÚBLICO OU PRIVADO DUN CAMIÑO NO LUGAR DE LAMEIRIÑA EN RAXÓ.- Uniuse certificación do acordo ao expediente deuse traslado ao Servizo de Patrimonio do Concello e notificouse aos interesados/as no expediente así como ao TSX de Galicia; 3834.- URBANISMO, EXPTE.: 52/12, SOLICITUDE DE J.R.C.S. PARA QUE SE RECTIFIQUE O ERRO MATERIAL QUE EXISTE NO GRAFITADO DO PXOM NUN TERREO EN PRIMEIRA TRAVESÍA LUBIÁNS, CAMPELO.- uniuse certificación do acordo ao expediente e deuse traslado ao Departamento de Urbanismo; 3835.- MOCIÓN CONXUNTA DO BNG, PSOE E PP SOBRE RECLAMACIÓN DA AXENCIA TRIBUTARIA A PERSOAS QUE PERCIBEN PENSIÓNS DE PAÍSES ESTRANXEIROS.-

Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á Axencia Tributaria Estatal; 3836.- RECURSO INCONSTITUCIONALIDADE-CONFLITO EN DEFENSA DA AUTONOMÍA LOCAL CONTRA O PARÁGRAFO 4ºDISPOSICIÓN TRANSITORIA PRIMEIRA DA LEI 2/2013, DO 29 DE MAIO, DE PROTECCIÓN E USO SOSTIBLE DO LITORAL.- Pendente de remisión; 3837.- RECURSO DE REPOSICIÓN SOLICITANDO SUSPENSIÓN EXECUTIVIDADE DO ACORDO PLENARIO DO 07 DE MAIO DE 2013 SOBRE O DESLINDE ENTRE O CONCELLO DE POIO E PONTEVEDRA.- Uniuse certificación do acordo ao expediente e notificouse á recorrente.". A corporación dáse por enterada.

3840.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DESDE O ÚLTIMO PLENO ORDINARIO.- Dáse conta á Corporación das resolucións da alcaldía ditadas desde o último Pleno ordinario e que estiveron a disposición dos concelleiros/as xunto cos demais asuntos que conformar a orde do día.

3841.- INTERVENCIÓN, APROBACIÓN DEFINITIVA CONTA XERAL EXERCICIO 2012.- Pola Secretaria presente na sesión dáse conta do expediente de formación da Conta Xeral correspondente ao exercicio 2012 en virtude do disposto no artigo 208 e ss do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas de data 20 de maio de 2013 na que se acordou ditaminar favorablemente a Conta Xeral do exercicio 2012 e someter o expediente á información pública polo prazo de 15 días durante os que e oito máis os interesados poderán interpoñer ou presentar reclamacións, reparos ou observación.

Con data 24 de maio de 2013 publicouse o devandito anuncio do Boletín Oficial da provincia número 99, non presentándose alegación ningunha contra a mesma no devandito prazo.

Non suscitándose debate ningún o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar a Conta Xeral correspondente ao exercicio 2012 debendo de dar conta ao Tribunal de Contas antes do 15 de outubro de conformidade co establecido no artigo 212.5 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Segundo: Facultar ao Sr. Alcalde para os trámites sucesivos do expediente.

3842.- INTERVENCIÓN-TESOUSERÍA, INFORME CUMPRIMENTO DA LEI 15/2010, DO 5 DE XULLO, DE MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE (2º TRIMESTRE 2013).- Dáse conta do informe emitido pola Intervención e Tesourería Municipal emitido en virtude da Lei 15/2010, do 5 de xullo e do ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda Gobernación e Contas de data 15 de xullo de 2013 e que di o seguinte: "Dáse conta do informe de Intervención de data 4 de xullo de 2013 en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade.

Por parte da interventora municipal dáse conta do contido do

expediente manifestando que se presenta en cumprimento da Lei 15/2010, de 5 de xullo, de medidas de loita contra a morosidade, que entrou en vigor o día 7 de xullo de 2010: o apartado primeiro trata sobre a relación de facturas polas cales transcorreron mais de 3 meses da súa anotación no rexistro contable (tomando como data de inicio do cómputo de data a finalización do 2º trimestre do exercicio 2013 (30 de xuño), é dicir que fosen rexistradas antes do 1 de abril de 2013, sen que se procedese a levar a cabo o expediente de recoñecemento de obrigas no día da data, infórmase que ascenden a 8 facturas e a un importe total de 14.371,68 €.

En conclusión, segundo o informe que se xunta, non existen facturas aprobadas que se atopen a 30 de xuño de 2013 pendentes de abono por un prazo superior a 30 días dende a data de rexistro contable; por outra parte, as pendentes de pagp dentro do prazo de pago de 30 días ascendían a 67 facturas e a unha cantidade de 291,249,35 € .

Ademais os pagos realizados no segundo trimestre do exercicio 2013 dentro do período legal de pago ascendían, a 30 de xuño de 2013, a un total de 395 facturas e a unha cantidade total de 214.897,80 euros e os pagos realizados fóra do período legal de pago ascendían, a 30 de xuño, a un total de 132 facturas e a unha cantidade total de 837.600,22 euros.

Do informe deberá darse conta ao Pleno da Corporación así como aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

A Comisión dáse por enterada.”.

Non suscitándose debate ningún O pleno da Corporación dáse por enterada do contido do informe e que se remita ao Ministerio de Economía e Facenda e ao órgano competente da Comunidade Autónoma de Galicia que ten atribuída a tutela financeira da Entidade Local.

3843.- CONTRATACIÓN, ESCRITO SOLICITANDO REVISIÓN PREZO CONTRATO DE SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR ADXUDICADO A EMPRESA IDADES, SL.- De conformidade co establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha o que queda aprobada por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

A Continuación, pola Secretaria presente na sesión dáse conta do escrito de data 10 de xullo de 2013 presentado pola empresa concesionaria do Servizo de Axuda no Fogar, Idades, SL na que solicita a revisión do prezo segundo o incremento do IPC, tal e como se recolle na cláusula sexta do contrato administrativo asinado con data 1 de agosto de 2011.

Consta no expediente informe favorable emitido con data 16 de xullo de 2013 polo Servizo de Contratación do Concello de Poio así como informe favorable emitido pola Intervención Municipal de data 17 de xullo de 2013, no que entre outros aspectos se fai constar no expositivo segundo do devandito informe que a variación do IPC inter-anual no conxunto dos 12 meses anteriores, segundo os datos facilitados polo INE,

no período comprendido entre o mes de agosto de 2012 e o mes de xuño de 2013 (último dato publicado na data de emisión deste informe) é o 1,7 polo que o 85% ascenderá a 1,445 %. Sendo o prezo/hora en vigor 12,98€ a revisión de prezos que procedería ascendería a 13,16€/hora.

Non suscitándose debate ningún, o Pleno da Corporación por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), ningún voto en contra e 6 abstencións do PP adoptou o seguinte acordo:

Primeiro: Prestar aprobación á petición formulada por Idades, SL e aprobar un incremento do 1,445% o que supón un prezo de 13,16 €/hora do Servizo de Axuda no Fogar.

Segundo: Dar traslado do presente acordo ao Servizo de Contratación do Concello, ao Departamento de Intervención e Servizo de Benestar Social así como á empresa Idades, SL comunicándolle que, de conformidade co artigo 52.2 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, **por pór fin á vía administrativa** contra o mesmo pode directamente no prazo de 1 mes, desde a notificación, interpor o recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, de conformidade co disposto nos artigos 107.1 e 116.1 da Lei 30/1992, de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira ou ben directamente Recurso Contencioso-Administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses computados a partir do día seguinte ao da recepción da notificación, consonte ao establecido nos artigos 8.1 e 46.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

De interpoñerse o recurso potestativo de reposición, este deberá ser resolto e notificado no prazo de 1 mes segundo establece o artigo 117.2 da antedita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso do mencionado prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43.2 da Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer o recurso contencioso-administrativo dentro do prazo de 6 meses contados desde o día seguinte daquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ao establecido no artigo 46.1 e 46.4 da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdición Contenciosa-Administrativa.

Non obstante, tamén se poderá interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes consonte a Dereito.

Terceiro: Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na primeira sesión ordinaria que realice, en virtude do disposto no artigo 126.2º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

3844.- MOCIÓNS, MOCIÓN CONXUNTA DO BNG E PSOE EN RELACIÓN Á UTILIZACIÓN PARTIDISTA DOS INFORMATIVOS DA TVG.- De conformidade co

establecido no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese a votación a inclusión do presente asunto na orde do día por non ser ditaminada previamente por comisión informativa ningunha o que queda aprobada por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención.

A continuación pola Secretaria presente na sesión procédese a dar lectura íntegra ao texto da moción presentada de forma conxunta polo Grupo Municipal do BNG e do PSOE sobre a utilización partidista dos informativos da TVG e que di o seguinte: "A Compañía Radio Televisión de Galiza foi creada pola Lei 9/1984, do 11 de xullo, como un servizo público de comunicación que, entre outros cometidos, tiña a *"promoción, difusión e impulso da lingua galega"* e favorecer *"activamente a difusión cultural, intelectual e artística e dos coñecementos cívicos, económicos, sociais, científicos e técnicos mediante toda clase de emisións en lingua galega"*.

A Lei 9/2011, de 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galiza, que regula na actualidade a prestación do servizo público de comunicación audiovisual de Galiza, prestado pola Radio Televisión de Galiza, establece, no seu artigo 4, como principios que inspiran a súa actividade e programación, entre outros, "o reflexo do pluralismo ideolóxico, político, cultural e social de Galiza" e " a obxectividade, imparcialidade, veracidade e neutralidade informativa, así como o respecto á liberdade de expresión e á formación dunha opinión pública plural".

Se analizamos con detalle a cobertura informativa da CRTVG no noso concello ao longo dos últimos dous anos e medio, obsérvase a carencia de seguimento normal e regular por parte da TVG da actualidade informativa neste ámbito territorial, invisibilizando actos reivindicativos, concentracións, manifestacións e, en xeral, todas aquelas accións que teñan como obxectivo combater as políticas neoliberais e de recortes sociais que estamos a padecer. Esta ocultación de información contrasta coa cobertura habitual de noticias en clave negativa, que teñen por obxecto trasladar unha imaxe completamente falseada da realidade do concello. Percíbese, así, unha obsesión por noticias negativas cun enfoque moi nesgado (roubos, asaltos,...) que crean unha imaxe absolutamente irreal e distorsionada e que serven para distraer a atención a respecto dos problemas reais da veciñanza (a fraude, o roubo da banca, o desemprego,...).

O mesmo acontece no ámbito galego, ao ocultar toda información negativa relativa á situación de crise económica e social, negar a intervención de persoas e expertos/as que ofrezan visións alternativas á crise, especialmente desde unha perspectiva galega, ofrecer só a visión governamental dos conflitos e reivindicacións cidadás, para alén de agochar as informacións públicas e notorias sobre a corrupción que asola o PP na Galiza e no Estado, que ocupan primeiras planas de calquera medio de comunicación social pola ampla repercusión e alarma social que crean. Por outra banda, tamén se nega unha visión informativa, en calquera eido, desde a actualidade política, a vida social, a actividade cultural ou a deportiva, desde unha perspectiva galega, potenciando un enfoque da realidade galega uniformizador e desprovisto de calquera

ollada que poña en valor o noso feito diferencial.

Consideramos que a TVG non dá unha información suficiente, plural, imparcial e veraz da realidade do noso concello e, en xeral, do noso país. Esta situación é consecuencia do nesgo partidista e manipulador que desde a dirección do ente público se lle dá aos servizos informativos.

Esta percepción é compartida por unha parte crecente da sociedade galega (reflectida na baixa continuado dos índices de audiencia) e polos/as propios/as traballadores/as da CRTVG, que están a desenvolver unha campaña contra a manipulación informativa nos medios públicos. O pasado mes de xuño, máis do 60% dos/as xornalistas adscritos/as aos servizos informativos da TVG denunciaron coa súa sinatura as prácticas de manipulación.

Traballadoras e traballadores da TVG son, por tanto, vítimas tamén da utilización partidista e da falta de obxectividade da dirección do ente público e dos responsábeis dos servizos informativos.

Por iso, o grupos municipais do BNG e do PSOE solicitan do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

1. Denunciar publicamente a campaña de manipulación da TVG en relación co noso concello e demandar da dirección do ente público unha cobertura da realidade do noso ámbito territorial continuada, obxectiva, veraz e dotada cos medios humanos e materiais acaídos.

2. Declarar a TVG, en tanto se manteña esta situación, medio de comunicación partidista e falseador da realidade.

3. Trasladar este acordo á Presidencia da Xunta de Galiza, á dirección da CRTVG e ao Consello Asesor da TVG."

Toma a palabra a Voceira do Grupo Municipal do BNG, a Sra. Diaz Iglesias explicando que existe unha tendencia partidista á hora de difundir información a través da Radio Televisión de Galicia, en contra da normativa de creación do ano 1984 sendo obvia a situación xa que ata os propios traballadores denunciaron.

A Sra. Besada Lores, voceira do Grupo Municipal Socialista manifesta que o seu grupo subscribe a moción porque entende que se está a impartir unha información totalmente sesgada e partidista e nos queremos unha información plural.

Toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal Popular e manifesta que seu grupo non comparte o texto da moción. Entendemos que é se trata dunha estratexia para facer un pouco de barullo e desprestixiar ao ente público. O BNG de Poio segue o mesmo camiño que o de Pontevedra, porque sabemos que esta moción presentouse nos mesmos termos nese Concello.

Pensamos que as coberturas son boas, e queremos que así continúe, ademais o Concello ten adecuada repercusión a través dos festexos, isto demóstrase a través das redes sociais e non vemos manipulación en Poio. Entendemos que se trata dun medio interesante e solicitamos que se aposte por este medio. Ademais a boa cobertura quedou plasmada na información facilitado co acontecemento de Santiago do mércores pasado.

O Sr. Martínez Blanco manifesta que a pluralidade na información

non se pode ver a través da divulgación dos eventos gastronómicos; cobertura si existe, pero o que ven os galegos é unha televisión do PP.

A Sra. Diaz Iglesias recalca que a moción trata sobre a difusión da información non da cobertura dos festexos e en referencia ao manifestado polo Sr. Moldes Martínez da boa cobertura ante os últimos acontecementos manifestar que vemos manexo desde outras instancias (Madrid) bloqueando e dirixindo a información.

O Sr. Barreiro Lubián di que á verdade é que o PP defenda a súa televisión, e unha postura esperada. Fai graza o símil comparativo co BNG de Pontevedra, pondo como exemplo o tema do deslinde entre Poio e Pontevedra, que estamos en desacordo total. Será que a TVG non lle deu a cobertura que esperaba cando saíron á rúa por este tema. Hai un doutrinamento que non deixa ver máis ala ao PP e que todo o mundo ve.

A Sra. Besada Lores di que non acusamos aos traballadores, que fan o seu traballo, nos pedimos unha información plural e defendemos unha información pública.

Unha vez rematada a quenda de intervencións sométese á votación a moción presentada a que queda aprobada por 9 votos a favor (8 BNG e 1 PSOE), 6 votos en contra do PP e ningunha abstención adoptándose o seguinte acordo:

Primeiro: Denunciar publicamente a campaña de manipulación da TVG en relación co noso concello e demandar da dirección do ente público unha cobertura da realidade do noso ámbito territorial continuada, obxectiva, veraz e dotada cos medios humanos e materiais acaídos.

Segundo: Declarar a TVG, en tanto se manteña esta situación, medio de comunicación partidista e falseador da realidade.

Terceiro: Trasladar este acordo á Presidencia da Xunta de Galiza, á dirección da CRTVG e ao Consello Asesor da TVG.

Cuarto: Dar conta do presente acordo á Comisión Informativa de Facenda, Gobernación e Contas na primeira sesión ordinaria que realice, en virtude do disposto no artigo 126.2º do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

3845.- MODIFICACIÓN DE DESLINDE DE COSTAS LEI 2/2013, DO 29 DE MAIO.- DE conformidade co disposto no Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais sométese á votación a inclusión do mesmo na orde do día por non ser previamente ditaminado por comisión informativa ningunha, a que queda aprobada por unanimidade de asistentes.

A continuación toma a palabra a Secretaria presente na sesión explicando que con data 30 de xullo de 2013 someteuse o expediente á consideración da Comisión Informativa de Urbanismo emitíndose ditame favorable e dándose conta dos informes de data 8 de xullo de 2013 emitido polo Asesor Xurídico, Arquitecta Municipal de data 15 de xullo de 2013 e informe de data 29 de xullo de 2013 emitido pola Secretaria

Xeral do Concello co seguinte tenor:

Ditame emitido polo Asesor Xurídico: "Que se emite, a petición del Sr. Alcalde del Ayuntamiento de Poio, a los efectos previstos en el artículo 54.3, del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, Texto Refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de Régimen Local, sobre ejercicio del derecho que le asiste al Ayuntamiento de Poio para solicitar la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m, de conformidad con la Disposición Transitoria Primera de la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de Protección y Uso Sostenible del Litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas, en base al apartado 3 de esta Disposición Transitoria Primera, en lo referente al apartado 4 de la Disposición Transitoria Primera. Aplicación de la Disposición Transitoria Tercera, apartado 3, de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas, por considerar que dicho apartado, en cuanto establece que: "3. Las Administraciones urbanísticas que ya hayan delimitado o clasificado, como suelo urbano a los núcleos o áreas a los que se refiere el apartado primero de esta disposición deberán solicitar al Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente el informe previsto en el apartado segundo de esta disposición en el plazo de tres meses desde la entrada en vigor de la presente Ley. El informe deberá emitirse en el plazo de dieciocho meses desde que haya sido solicitado. En caso de que no se emitiera en este plazo se entenderá que es favorable", todo ello en base a los siguientes:

ANTECEDENTES

PRIMERO.- Por resolución de la Dirección General de Costas de fecha 20 de junio de 2011, se prestó aprobación a la Orden del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino, de la misma fecha, aprobando el deslinde de la línea del dominio público marítimo terrestre de unos 16.388m de longitud, que comprende la totalidad del término municipal de Poio (Pontevedra), recogida en el expediente: DL-157-Pontevedra (DES01/98/36/0003), según se define en los planos fechados en diciembre de 2008, y número 1 y 4, fechados en octubre de 2010; cuya orden fue notificada al Concello de Poio por oficio del Jefe del Servicio de Costas de Pontevedra teniendo entrada en el Concello el 22 de julio de 2011.

Con fecha 19 de septiembre de 2011, el Sr. Alcalde del Concello de Poio, interpuso ante el Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino el requerimiento previo, solicitando que "teniendo por presentado este escrito, en tiempo y forma, se tenga por formulado el requerimiento previo de anulación de la orden ministerial de 20 de junio de 2011, así como de la resolución de la Dirección Xeral de Sostenibilidade da Costa e do Mar, de la misma fecha, que aprobó la orden ministerial por delegación, previsto en el artículo 44 de la Ley 29/1998, de 13 de julio, reguladora de la jurisdicción contencioso administrativa, solicitando la anulación de la orden que aprobó el deslinde de los bienes del dominio público marítimo terrestre del término municipal de Poio (Pontevedra) y se dicte otra nueva orden, en la que se reduzca la servidumbre de protección del dominio público de 100 a 20 metros, desde el límite interior de la ribera del mar, en todos los núcleos urbanos o áreas consolidadas por la edificación, en el momento de la entrada en vigor de la Ley de Costas, el 28 de julio

de 1988, que figuran en el informe o Estudio de Consolidación del arquitecto municipal de Poio de 4 de febrero de 2011, que obra en el expediente que tramitó el Ministerio de Medio Ambiente y cuyas áreas son las siguientes:

RAXÓ (planos 01_SU 01 y 02_SU01`), ámbitos A y B;
COVELO (plano 03_SU02), ámbitos A y B;
CAMPELO (plano 04_SU03 y 05_SU03`), ámbitos A y B;
LOURIDO (plano 05_SU04), ámbito único;
CHANCELAS (planos 07_SNR01 y 08_SNR01'), ámbito único;
CASALVITO (planos 09_SNR02 y 10_SNR02'), ámbitos A y B y
LOURIDO (núcleo rural) (plano 11_SNR03), ámbito único.

El fundamento legal para la interposición de este requerimiento previo, se basó en el dictamen jurídico del asesor jurídico del Concello de Poio, que se emitió con fecha 1 de julio del año 2010.

SEGUNDO.- Por resolución de la Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, de 14 de diciembre de 2011, se prestó aprobación a la Orden del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, de la misma fecha, estimando, en parte el requerimiento previo formulado por el Concello de Poio, contra la O.M. de 20 de junio de 2011, aprobatoria del deslinde de los bienes de dominio público marítimo terrestre del término municipal de Poio (Pontevedra), únicamente en lo relativo a tres áreas, de los denominados núcleos de población de Covelo, Campelo y Lourido, desestimándose la petición del Concello, de reducir la servidumbre de protección de 100 a 20m en las cuatro áreas restantes, Lourido, Chancelas, Casalvito y Lourido (núcleo rural).

Cuya nueva orden fue notificada al Concello de Poio, el 15 de enero de 2012, por el Jefe del Servicio de Costas de Pontevedra,

Ordenándose en esta orden aprobatoria del deslinde, al Servicio Provincial de Costas de Pontevedra, que elabore nuevos planos en los que se recoja la modificación de la anchura de la zona de servidumbre de protección de dichos tramos, reduciéndose a 20m, en las zonas de Covelo y Lourido, y ajustándose al límite de la edificación consolidada en la zona de Campelo, remitiéndolos al Ministerio para su ulterior aprobación.

Y no estando conforme el Concello de Poio, con la Orden de 14 de diciembre de 2011, porque solo estimó en parte el requerimiento previo formulado por el Concello, al reducir la servidumbre de protección de 100 a 20m, solamente en tres áreas, de Covelo, Campelo y Lourido, manteniendo la servidumbre de protección en 100m en las otras cuatro áreas, Raxó, Chancelas, Casalvito y Lourido (núcleo rural), previo dictamen del asesor jurídico del Concello de Poio, de 15 de febrero de 2012, y de la propuesta de la Alcaldía de 16 de febrero de 2012, el pleno de la Corporación, en sesión celebrada el 28 de febrero de 2012, adoptó el acuerdo número 3.647 en el siguiente sentido:

"I.- Mantener el recurso contencioso - administrativo interpuesto el 12 de diciembre de 2011, ante la Sala de lo Contencioso - Administrativo de la Audiencia Nacional.

II.- Interponer un segundo recurso contencioso - administrativo ante la Sala de lo Contencioso - Administrativo de la Audiencia Nacional, contra la Orden del Ministerio de Medio Ambiente y Medio Rural y Marino de 14 de diciembre de 2011, y contra la resolución de la Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar de la misma fecha, que aprobaron el deslinde, en todo lo que desestime las pretensiones del Concello de reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m.

III.- Ampliar y acumular este segundo recurso contencioso - administrativo al ya interpuesto el 12 de diciembre de 2011, solicitando la acumulación de ambos a los efectos de dictar una única sentencia".

Formalizándose este segundo recurso contencioso - administrativo por escrito de 12 de marzo de 2012, en el procedimiento ordinario número 0000679/2011.

TERCERO.- Por resolución de la Dirección General de Sostenibilidad de la Costa y del Mar, por delegación del Excmo. Sr. Ministro, de 29 de octubre de 2012, se aprobó la Orden Ministerial de la misma fecha, de modificación de la anchura de la servidumbre de protección del deslinde del término municipal de Poio.

Por esta tercera Orden Ministerial de 29 de octubre de 2012, se dio cumplimiento a la primera orden de 20 de junio de 2011, prestando conformidad a los planos a escala 1/1000, hojas 30, 31, 33, 35 y 36 fechados en enero de 2012, y hojas 10, 11, 12 y 13 fechados en julio de 2012, en los que, se recoge la modificación de la anchura de protección en las zonas de Covelo, Lourido y Campelo.

Siendo notificada esta tercera Orden Ministerial, aprobando los planos, por resolución del Jefe del Servicio de Costas de Pontevedra, el 19 de noviembre de 2012._

CUARTO.- Con fecha 8 de enero de 2013, la arquitecto municipal Patricia Araujo Pazos emite informe respecto a los planos aprobados por la tercera Orden Ministerial de 29 de octubre de 2012, de los que, se deduce, que el Ministerio de Medio Ambiente no solamente presta aprobación a los planos que en las Normas Subsidiarias Municipales de 1985 figuraban como núcleos de población A y B, de Covelo, Lourido y Campelo, sino que también, incluyen en esta tercera Orden Ministerial la consideración de suelo urbano, por estar consolidada la edificación en el momento de la entrada en vigor de la Ley de Costas de 1988, un área de suelo no urbanizable, llegando la técnica municipal a la conclusión de que, este criterio del Ministerio debe aplicarse obligatoriamente a todas las demás áreas de los suelos no urbanizables, que también tenían consolidada su edificación, en la fecha de entrada en vigor de la Ley de Costas, según se probó fehacientemente con el informe emitido por dicha arquitecta el 4 de febrero de 2011.

QUINTO.- Y con fecha 9 de enero de 2013, se formalizó la demanda en el procedimiento ordinario número 000679/2011, sección 001, que se tramita ante la Sala de lo Contencioso Administrativo de la Audiencia Nacional, solicitando de la Sala que, *"teniendo por presentado este escrito y formalizada la demanda, en base a los hechos y fundamentos de derecho expuestos, que se dicte sentencia estimando este recurso,*

declarando la nulidad de pleno derecho, de la Orden ministerial de 20 de junio de 2011, que aprobó definitivamente el deslinde, así como, de las órdenes ministeriales de 14 de diciembre de 2011, y de 29 de octubre de 2012, en la parte que no estimó el requerimiento previo de la Alcaldía de Poio, previa acumulación y ampliación de este recurso a las tres órdenes ministeriales y se condene al Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente a que dicte una nueva orden ministerial, estimando en su totalidad la propuesta del Concello de Poio de reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m, en todas las áreas incluidas en el estudio de consolidación realizado por la arquitecto municipal el 4 de febrero de 2011, que no fueron aceptadas por el Ministerio y cuyas áreas son las siguientes:

RAXÓ (planos 01_SU 01 y 02_SU01`), ámbitos A y B;
CHANCELAS (planos 07_SNR01 y 08_SNR01'), ámbito único;
CASALVITO (planos 09_SNR02 y 10_SNR02'), ámbitos A y B y
LOURIDO (núcleo rural) (plano 11_SNR03), ámbito único.

Todo ello con imposición de costas a la Administración demandada".

Este recurso en este momento está pediente de contestación de demanda por el Ministerio y posterior escrito de conclusiones y de dictar la sentencia correspondiente en su día.

Para conocimiento del Ayuntamiento de Poio, se aclara que las 3 áreas en que el Ministerio redujo la servidumbre de protección de 100 a 20m, así como en las 4 áreas restantes cuya reducción se solicita en este procedimiento judicial ante la Audiencia Nacional, lleva consigo que la franja de los 80m, quede clasificada como suelo urbano antes de la entrada en vigor de la Ley de Costas de 1988, con el consiguiente derecho de los propietarios de terrenos incluidos en dicha zona a que se les apruebe la correspondiente calificación urbanística de los mismos, ya sea, mediante modificación puntual del Plan General actualmente vigente o en el proyecto de revisión del Plan General que se encuentra en tramitación, habiéndose trasladado al equipo redactor del Plan los nuevos planos reduciendo la servidumbre de protección a 20m, para que los tengan en cuenta en la revisión del Plan, cuya revisión del Plan y consiguiente calificación que se otorgue a estos terrenos tendrá que ser aprobada por la Consellería de Medio Ambiente al aprobar definitivamente el Plan General.

FUNDAMENTOS DE DERECHO

PRIMERO.- En el Boletín Oficial del Estado de 30 de mayo de 2013, se publica la Ley 2/2013, de 29 de mayo, de Protección y Uso Sostenible del Litoral y de modificación de la Ley 22/1988, de 28 de julio de Costas, aprobada por las Cortes Generales el 29 de mayo de 2013, se incluye la Disposición Transitoria Primera del tenor literal siguiente:

"Disposición Transitoria Primera. Aplicación de la Disposición Transitoria Tercera, Apartado 3 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas".

1.- En el Plazo de dos años desde la entrada en vigor de la presente ley, se podrá instar que el régimen previsto en la disposición transitoria tercera, apartado tres de la Ley 22/1988, de 28 de julio de Costas se aplique igualmente a los núcleos o áreas, que a su entrada en vigor, no estuvieran clasificados como suelo urbano pero que en ese momento reunieran alguno de los siguientes requisitos:

a) En municipios con planeamiento, los terrenos que, o bien cuenten con acceso rodado, abastecimiento de agua, evacuación de aguas residuales y suministro de energía eléctrica y estuvieran consolidados por la edificación en al menos un tercio de su superficie, o bien, careciendo de alguno de los requisitos citados, estuvieran comprendidos en áreas consolidadas por la edificación como mínimo en dos terceras partes de su superficie, de conformidad con la ordenación de aplicación.

b) En municipios sin planeamiento, los terrenos que, o bien cuenten con acceso rodado, abastecimiento de aguas, evacuación de aguas residuales y suministro de energía eléctrica y estuvieran consolidados por la edificación en al menos un tercio de su superficie, o bien, careciendo de alguno de los requisitos citados, estuvieran comprendidos en áreas consolidadas por la edificación como mínimo en la mitad de su superficie.

2.- Esta disposición se aplicará a los núcleos o áreas delimitados por el planeamiento, y en defecto de este, serán delimitados por la Administración urbanística competente, en ambos casos, previo informe favorable del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente que deberá pronunciarse sobre la delimitación y compatibilidad de tales núcleos o áreas con la integridad y defensa del dominio público marítimo - terrestre. Este informe deberá emitirse en el plazo de dieciocho meses desde que haya sido solicitado por la Administración urbanística. En caso de que no se emitiera en este plazo se entenderá que es favorable.

3.- Las Administraciones urbanísticas que ya hayan delimitado o clasificado, como suelo urbano a los núcleos o áreas a los que se refiere el apartado primero de esta disposición deberán solicitar al Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente el informe previsto en el apartado segundo de esta disposición en el plazo de tres meses desde la entrada en vigor de la presente Ley. El informe deberá emitirse en el plazo de dieciocho meses desde que haya sido solicitado. En caso de que no se emitiera en este plazo se entenderá que es favorable".

4.- No obstante, en los núcleos y áreas a los que se refiere la presente disposición, no se podrán autorizar nuevas construcciones de las prohibidas en el artículo 25 de la Ley 22/1988, de 28 de julio, de Costas.

Esta disposición transitoria concede a todos los ayuntamientos costeros de España un plazo de 2 años para poder solicitar la reducción de la servidumbre de protección de 100 a 20m, previo informe favorable del Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente, cuando se trate de áreas no delimitadas por el Plan General como suelo urbano, que es lo que tiene que hacer el Ayuntamiento de Poio, dentro del plazo de 2 años, solicitando la reducción para aquellas cuatro áreas que están pendientes de sentencia en la Audiencia Nacional.

También concede esta nueva Ley el plazo de 3 meses, que finaliza el 30 de agosto de 2013, para que, el Ayuntamiento de Poio previo

informe del arquitecto municipal concretando las áreas de suelo urbano ya delimitadas y clasificadas por el plan de ordenación actualmente vigente, pero que, todavía continúan figurando en el Plan General con la servidumbre de protección a 80m, pueda adoptarse el acuerdo correspondiente y solicitar del Ministerio de Agricultura la reducción de la servidumbre de 100 a 20m.

